



# PLAN DIXITAL

## IES DE VIÓS

Versión 1.0\_ xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: IES de Viós.

Dirección: A Poceira, 8. Viós.

C.P: 15318 (Abegondo).

Código de centro: 15027125.

Teléfono: 881960793

Enderezo electrónico: [ies.vios@edu.xunta.gal](mailto:ies.vios@edu.xunta.gal)

Web: [www.iesdevios.org](http://www.iesdevios.org)

Organización escolar: o IES de Viós é un centro que conta con 151 alumnos/as e 20 profesores/as. Dispón de dúas liñas de todos os cursos da ESO, e dispón en 1º (no vindeiro curso Edixgal) e 2º da ESO de Abalar.

PROFESORADO	M	H	Total	Comparte centro
ESO	10	7	17	
XD+PT(orientación)	1	1	2	
Relixión		1	1	1
<b>TOTAL</b>	<b>11</b>	<b>9</b>	<b>20</b>	

ALUMNADO	M	H	Total	Grupos
1º ESO	21	17	38	2
2º ESO	18	21	39	2
3º ESO	28	17	45	2
4º ESO	9	19	28	2
<b>TOTAL</b>	<b>76</b>	<b>74</b>	<b>150</b>	<b>8</b>

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Un dos obxectivos de calquera centro educativo é lograr que o seu alumnado acade as competencias necesarias para desenvolverse na sociedade actual e, por iso, a formación en competencia dixital, nun entorno cada día máis virtual, supón nestes momentos un requisito imprescindible para desenvolverse non só profesionalmente senón como cidadanía. O paso previo e evidente é contar cun profesorado competente e debidamente formado no entorno dixital para poder trasladar ao seu alumnado as ferramentas esixidas.

Por outra banda, ao ser o noso un centro rural a dixitalización do mesmo supón ampliar as posibilidades formativas e informativas do noso alumnado ao abrir, a través das ferramentas dixitais, as oportunidades que lles limita a súa contorna.

Dende o punto de vista da formación do profesorado, no PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO de centro do curso 21/22 abrimos unha liña específica de traballo para mellorar a competencia dixital do profesorado cunha duración de dous cursos académicos. Dentro desta liña estableceronse dous itinerarios: *Ferramentas TIC para a dinamización do centro educativo* e *Documentos de centro. Plan dixital*. Entre as actividades realizadas destaca a participación de todo o claustro no seminario sobre a plataforma Moodle e o grupo de traballo constituído polo equipo directivo e o coordinador TIC para a dinamización das competencias dixitais no centro.

Como parte deste proceso de dixitalización do centro foi aprobada recentemente a incorporación do noso instituto ao programa Edixgal para o vindeiro curso 22/23 en 1º ESO nas materias de Bioloxía e Xeoloxía, Lingua galega e literatura, Xeografía e Historia, Técnicas lingüísticas, Educación Física e Educación Plástica e Visual.

O centro participa no presente curso 21/22 en tres proxectos de intercambios en liña na plataforma Etwinning: un en 1ºESO na materia de inglés con Polonia e dous en 2ºESO nas seccións bilingües de matemáticas e música con Francia e Italia respectivamente. Todos estes intercambios, ademais de afondar na adquisición de competencia en linguas estranxeiras, promoven o desenvolvemento do noso alumnado na utilización das TIC.

Neste curso 21/22 dende o equipo directivo promoveuse a creación dunha nova coordinación adicada á internacionalización do centro educativo, cunha liña de traballo específica dentro do PFPP do centro. A finalidade é a de pouco a pouco crear novas oportunidades de aprendizaxe para o noso alumnado noutros países. Nesta primeira etapa o contacto co alumnado estranxeiro foi case exclusivamente en liña.

O equipo da biblioteca ten como obxectivo nunha das súas liñas de traballo dentro do PLAMBE para o vindeiro curso traballar na mellora tanto da alfabetización dixital coma no uso das novas tecnoloxías como fonte de información para o desenvolvemento de pequenos traballos de investigación e de búsqueda e selección crítica da información nas redes. Ademais, a través do club de lectura do centro cada ano o alumnado ten a posibilidade de participar no grupo específico adicado á historia de internet.

No Plan de Igualdade do centro contéplase a formación do noso alumnado nun uso responsable e respetuoso das novas tecnoloxías facendo fincapé en aspectos vinculados á protección da súa intimidade e a súa pegada dixital.

Entre os obxectivos do PXA do curso 22/23 estarán presentes as catro liñas de acción que forman parte do Plan Dixital pois a súa consecución mellorarán cualitativamente as comunicacións entre a comunidade educativa, o proceso de ensino-aprendizaxe e o proceso de avaliación do noso alumnado.

Dende xullo de 2018 promoveuse no centro unha mellora paulatina e continua tanto no equipamento informático como na reforma dos espazos adicados especificamente ás novas tecnoloxías. Ademais,

creouse unha nova páxina web de centro, en continuo proceso de revisión e mellora, e que cada curso escolar vai enriquecéndose con recursos e información para toda a comunidade educativa. Dita páxina resultou fundamental no confinamento derivado da pandemia de Covid-19 e puxo de manifesto a importancia das novas tecnoloxías como ferramenta imprescindible do proceso de ensino-aprendizaxe así como de múltiples elementos organizativos e da xestión do centro.

O noso instituto atópase en Abegondo, concello pertencente á comarca das Mariñas que forma parte da Mancomunidade da área metropolitana da cidade da Coruña. Xeográficamente limita ao Norte con Betanzos, Bergondo e Cambre; ao Sur con Mesía e Ordes; ao Leste con Cesuras e Oza dos Ríos e ao Oeste con Cambre e Carral.

O municipio está formado por 19 parroquias, unha das cales é Viós, onde está o IES. O concello conta con 5494 habitantes, cunha superficie aproximada de 83,81 kms cadrados. Aínda que cercano a núcleos de poboación importantes (Carral 8 kms, Betanzos 10 kms. Cambre 13 kms, Ordes 22 kms e Coruña 23 kms), o noso instituto sitúase no ámbito rural.

Ata fai poucos anos, o acentuado ruralismo era o aspecto máis sobresainde do concello, posto que o núcleo da súa escasa poboación a compoñían persoas nadas na zona e que básicamente se adicaban á agrogandería.

No último cuarto de século, a tendencia foi variando a unha maior densidade, e hoxe é tamén receptor de poboación que vive e traballa na Coruña. Non obstante, a economía do concello segue sendo eminentemente agropecuaria, cunha elevada porcentaxe de poboación activa adicada ás actividades primarias (ao redor do 45%) especialmente orientada cara as explotacións e a gandería, cun importante desenvolvemento ao mercado, coexistindo coa tradicional adicada ao autoconsumo.

O resto da poboación activa pertence a outros sectores productivos, desprazándose ás poboacións cercanas de A Coruña e Betanzos.

Aínda que é un concello extenso, ten unha escasa poboación e apenas hai concentracións urbanas importantes. A capitalidade do municipio está na parroquia có seu propio nome, Abegondo, pequena vila onde se atopan os principais servizos: casa do concello, centro de saúde, oficina de correos, banco, etc.

Debido á dispersión da poboación no noso concello faise imprescindible o servizo de transporte escolar para acudir ao centro, e tamén para acudir á maioría das actividades extraescolares ou complementarias. Como a oferta cultural do concello non pode ser moi alta, o desprazamento do alumnado é unha constante. O instituto trata de ofertar ao alumnado actividades dinamizadoras, que ademais de potencias as relación entre eles, lle ofrezan as facilidades para asistir a actividades diversas como fan os rapaces e rapazas dun entorno urbano. Neste sentido a colaboración co Concello é moi estreita polo que a utilización das instalacións do centro, sempre que non afecten o funcionamento normal e, sempre con finalidade educativa, é habitual. O mesmo sucede coa ANPA.

O IES de Viós é un centro que conta con 151 alumnos/as e 20 profesores/as. Dispón de dúas liñas de todos os cursos da ESO, e dispón en 1º e 2º da ESO de Abalar.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital de centro é un documento a través do cal os centros analizan a súa realidade en relación ao uso das tecnoloxías dixitais e, a partir desta situación de partida, definen un plan de actuación que incluíra os obxectivos a conseguir, as actuacións específicas para implementar este plan. O obxectivo final da posta en marcha do Plan Dixital é mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado -tanto individual como colexiada- e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

Segundo a **Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, que toma como marcos normativos:

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o **proxecto educativo** do centro **recollerá**, entre outros aspectos, a **estratexia dixital do centro**, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán:

- O uso das **tecnoloxías da información e a comunicación** (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe,
- Utilizando os marcos de referencia da **competencia dixital** que orienten a formación inicial e permanente do profesorado
- Faciliten o desenvolvemento dunha **cultura dixital** nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como **competencias dos directores e directoras**, entre outras:

- Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro.
- Fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da **Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinala que **os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital** de acordo coas instrucións que se diten.

En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do **Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027)**, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade segue a **transformación dixital** dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan **dixitalmente competentes** nos procesos de ensinoaprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

O Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do **Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021** establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital:

- Na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación;
- Na eliminación das fendas sociais e territoriais,
- Na incentivación da formación continua e cre no talento,
- Na promoción, no emprendemento e na innovación,
- No reforzo das capacidades de investigación e na atracción e fomento da excelencia.

No Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, faise unha clara aposta por **espazos ao servizo dos proxectos educativos**, sobre todo **vinculados á transformación dixital** e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, **na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia**, cara a consecución dunha cidadanía dixital plena. Co fin de promover e garantir o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros máis pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe, como secretario xeral de Educación e Formación Profesional.

#### 1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do plan dixital inclúe varias fases para a súa elaboración concretadas para o curso 2021-2022:

- Creouse unha liña de PFPP (liña1) do Plan Dixital. O Equipo de Dinamización do Plan Dixital do noso centro está formado polos membros do equipo directivo (Rebeca Iglesias Prieto -directora-, Roberto S. García Menéndez -xefe de estudos- e Ana A Rodríguez Paredes -secretaria) e o coordinador TIC do centro, Manuel A. Naveira Cañas.

O proceso de elaboración do plan dixital inclúe varias fases para a súa elaboración concretadas para o curso 2021-2022:

- Creouse unha liña de PFPP (liña1) do Plan Dixital na que formouse un equipo de traballo de catro persoas.
- Fase I: Análise e diagnose
- Fase II: Deseño e elaboración do plan dixital.
- Fase III. Implementación, seguimento e avaliación.

Cada unha destas fases están debidamente temporalizadas, contando co asesoramento dun equipo específico (no noso caso ADIX Coruña 3) atendendo a seis momentos nas dúas primeiras fases para o curso 2021-2022 e a fase terceira para o curso 2022-2023.

Respecto da **FASE I de Análise e Diagnose** coa definición dos catro primeiros momentos:

- Novembro 2021: Posta en marcha da rede e contacto coas persoas ADIX coa noso centro.
- Decembro 2021: Configuración e envío do SELFIE ao noso centros educativo.
- Febreiro 2022: Realización do testCDD por parte do profesorado do centro.
- Marzo 2022: Recompilación de datos, reflexión e DAFO.

Respecto da **FASE II de Deseño e Elaboración do Plan Dixital** cos seguintes momentos:

- Abril-Maio 2022: Definición de obxectivos e accións a seguir – Plan de Acción.
- Xuño 2022: Plan versión 1.0 do Plan Dixital. Difusión e aprobación polo Consello Escolar no curso 21/22.

**FASE III de Implementación no Centro do Plan Dixital** Curso 22/23.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### **Infraestrutura dixital:**

- Infraestrutura de datos (conectividade a internet)- Durante este curso académico 2021/22 mudouse de compañía telefónica (segundo o indicado polo servizo correspondente de Redes) e mantéñense os problemas frecuentes de conexión tanto na wifi como na propia rede.
- Infraestrutura de voz (telefonía) –Contamos con teléfono fixo na zona de administración e dirección e na sala de titorías para facilitar o labor dos titores e titoras. Necesitamos un móbil do Centro para que o profesorado o utilice nas saídas do Centro co alumnado.
- Conexións cableadas - Contamos con rede por cable nas aulas.
- Conexións sen fíos: contamos con cobertura sen fíos no andar superior do centro. No resto do instituto temos moitos problemas de conexión polo sistema Wifi.
- Soporte da Unidade de Atención a Centros (UAC) e Servizo Premium Edixgal (para o vindeiro curso 22-23).

#### **Equipamento:**

##### Planta baixa

Conserxería: non conta con equipo informático polo que a conserxe utiliza o seu ordenador portátil persoal para desempeñar o seu labor.

Zona administrativa: no ano 2018 o centro tivo que cambiar os ordenadores da Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría xa que non funcionaban ben e non admitían actualizacións. Mercáronse equipos reacondicionados que na actualidade xa non responden ás necesidades. O ordenador da administrativa é da Xunta de Galicia (AMTEGA) do ano 2007 e non funciona moi ben, xa que tarda en executar as tarefas.



Sala do profesorado: no ano 2018 o centro tivo que cambiar os ordenadores da sala do profesorado xa que non funcionaban ben e non admitían actualizacións. Neste caso os equipos tamén eran reacondicionados, non novos. Un deles xa tivo que ser substituído por outro novo, tamén reacondicionado, neste curso 2021/2022.

Salón de actos: neste curso escolar finalizáronse as obras de renovación e acondicionamento deste espazo. O salón conta con proxector, pantalla despregable, seis altofalantes, amplificador, ordenador portátil e micrófonos (tres de mesa e dous inalámbricos). O equipamento mercouse cos orzamentos xerais do centro e contou coa colaboración da ANPA para a súa adquisición.

Biblioteca: existen catro ordenadores novos (reacondicionados) do ano 2021 mercados co orzamento do PLAMBE destinado a equipamento. O proxector e a pantalla despregable da biblioteca son moi vellos polo que a calidade do visionado é moi limitada, ademais, a pantalla danos moitos problemas para recollela.

Aulas específicas:

- Taller de Tecnoloxía: o profesor de tecnoloxía non conta con equipo informático polo que utiliza o seu ordenador portátil persoal para desempeñar a súa labor docente.
- Laboratorio de Ciencias: conta cun ordenador de sobremesa do 2007 (AMTEGA) que tarda en executar as tarefas e non admite actualizacións do sistema operativo.
- Aula PT: conta cun único ordenador de mesa para o profesor/a donado por Paideia. Trátase dun ordenador reacondicionado que ten problemas coas actualizacións e na execución de determinados programas.
- Aula de Plástica: ten un ordenador do centro que tarda en executar as tarefas e non admite actualizacións do sistema operativo, proxector e pantalla moi vellos. Ademais, conta cunha impresora e altofalantes do centro.
- Aula de Música: conta cun ordenador (reacondicionado), cámara web, micrófono e altofalantes do ano 2021 comprados cos orzamentos do Programa Eduexchanges. Ten tamén proxector moi vello que da moitos fallos e unha tabla branca que fai as labores de pantalla.

### Primeiro andar

Neste nivel están as oito aulas de grupo do centro, dúas aulas de informática, os Departamentos Didácticos, Orientación e a Sala de Titorías.

- Aulas de grupo: todas contan con ordenador de mesa, proxector, pantalla e altofalantes. Estes últimos mercados polo centro entre os cursos 20/21 e 21/22.

Nas aulas Abalar (1º e 2º ESO) temos catro carros de carga con ordenadores para o alumnado. Este equipamento está inoperativo porque nen cargan os carros nen os portátiles do alumnado están en boas condicións.

1º ESO-A: aula Abalar. O vindeiro curso aula Edixgal. Ordenadores de la Xunta de Galicia do ano 2015-16 que dan problemas debido aos anos que teñen.

1º ESO-B: aula Abalar. O vindeiro curso aula Edixgal. Ordenadores de la Xunta de Galicia do ano 2015-16 que dan problemas debido aos anos que teñen.

2º ESO-A: aula Abalar. Ordenadores de la Xunta de Galicia do ano 2015-16 que dan problemas debido aos anos que teñen.

2º ESO-B: aula Abalar. Ordenadores de la Xunta de Galicia do ano 2015-16 que dan problemas debido aos anos que teñen.

3º ESO-A: conta cun único ordenador de mesa para o profesor/a doado por Paideia. Trátase dun ordenador reacondicionado que ten problemas coas actualizacións e na execución de determinados programas.

3º ESO-B: conta cun único ordenador de mesa para o profesor/a doado por Paideia. Trátase dun ordenador reacondicionado que ten problemas coas actualizacións e na execución de determinados programas.

4º ESO-A: conta cun único ordenador de mesa para o profesor/a doado por Paideia. Trátase dun ordenador reacondicionado que ten problemas coas actualizacións e na execución de determinados programas.

4º ESO-B: conta cun único ordenador de mesa para o profesor/a doado por Paideia. Trátase dun ordenador reacondicionado que ten problemas coas actualizacións e na execución de determinados programas.

Informática I: contamos con 16 ordenadores de mesa da Xunta de Galicia (AMTEGA) do ano 2016 , 4 ordenadores reacondicionados doados por Paideia e outro da Xunta de Galicia (AMTEGA) totalmente obsoleto (do ano 2006-7).

Informática II: contamos con 18 equipos reacondicionados doados por PAIDEIA.

Departamento de Linguas: conta cun ordenador (reacondicionado), do ano 2021 comprado co orzamento do Programa Seccións Bilingües e outro da Xunta de Galicia moi lento.

Departamento de Ciencias/Matemáticas/Historia/E.F.: conta cun ordenador reacondicionado de mesa do centro, un portátil da Xunta de Galicia (AMTEGA) do ano 2014.

Orientación: dispón de ordenador de mesa reacondicionado e doado por Paideia e cunha impresora do centro.

Sala de Titorías: non conta con equipamento informático.

### 3. – Servizos dixitais educativos:

– Servizos dixitais educativos corporativos de xestión docente:

– Correo corporativo ([ies.vios@edu.xunta.gal](mailto:ies.vios@edu.xunta.gal))

– Páxina web do centro ([iesdevios.org](http://iesdevios.org))

– Aula virtual (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvios/aulavirtual/>) - Estará operativa o vindeiro curso académico.

– EspazoAbalar

### 4. - Protocolos Educativos

O noso centro desenvolveu un plan de Continxencia e Ensino Virtual. Actualmente, no noso centro non hai alumnado en fenda dixital.

### 5.- Xestión e mantemento do Equipamento de Centro.

O coordinador TIC é o encargado de realizar as labores de xestión e mantemento de todo o Equipamento do centro, xestionar incidencias, realizar actualizacións, solucionar problemas técnicos... Ademais, o centro conta cun técnico externo a cargo do propio centro, que apoia este servizo un día por semana, xa que a atención das incidencias dos equipos tan antigos o fan imprescindible.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### RESULTADOS SELFIE:

Areas	Grupos	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	2.9
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	2.5
	Alumnado	2.5
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.2
	Alumnado	2.9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	3.2
	Alumnado	3.3
F- Pedagogía: Implementación na	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	2.7
	Alumnado	2.9
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.5
	Profesorado	2.2
	Alumnado	2.3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	2.8
	Alumnado	2.9

### RESULTADOS Test CDD

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	18	94.40%
PROVISIONAL	1	1	100.00%
INTERINO	0	0	0
SUBSTITUTO	1	1	100.00%
DESPRAZADO	0	0	0

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
50.9	EXPLORADOR/A (A2)	76.4	INTEGRADOR/A (B1)

#### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do	Nivel de competencia	Puntuación media do	Nivel de competencia
--	---------------------	----------------------	---------------------	----------------------

	test (sobre 192)		test en Galicia (sobre 192)	en Galicia
ESO	52.2	EXPLORADOR/A (A2)	79.2	INTEGRADOR/A (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	5	25.00%
A2	11	55.00%
B1	2	10.00%
B2	2	10.00%
C1	0	0.00%
C2	0	0.00%
TOTAL	20	100.00%

### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- C1 C14 O noso centro dispón de espazos axeitados para o ensino-aprendizaxe dixital (aulas informática, dotación aulas para o profesorado, biblioteca...).</li> <li>- C3 O centro conta cun bo acceso a internet para a práctica docente.</li> <li>- C5 Contamos cunha asistencia técnica axeitada para as posibles dificultades na práctica dixital do centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- C3 Non existe unha boa conexión wifi en todas as dependencias do centro.</li> <li>- C7 O noso centro debe mellorar o sistema de protección de datos especialmente na almacenaxe de imaxes e pegada dixital.</li> <li>- C15 O centro necesita mellorar o sistema de equipamento asistencial para a resposta educativa do alumnado con necesidades.</li> </ul>
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>-B3 Existe colaboración dixital con outras entidades</li> <li>-D1 D2 O noso centro conta con liñas de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- B1 Non existe un proceso de avaliación dixital.</li> <li>- B2 Necesidade dun maior debate</li> </ul>

		<p>programas de formación permanente do profesorado en competencia dixital.</p> <p>-E1 O noso profesorado busca recursos dixitais en liña para a súa práctica docente.</p> <p>-E4 O centro emprega habitualmente ferramentas dixitais para a comunicación coas familias.</p>	<p>sobre o emprego dunha estratexia de aprendizaxe dixital.</p> <p>- D3 Podemos mellorar o traballo colaborativo e o intercambio de experiencias entre o profesorado.</p> <p>- E3 Continuar cun maior emprego de entornos virtuais de aprendizaxe</p> <p>- E2 E3 Aumentar a creación de recursos dixitais para o proceso de ensino-aprendizaxe</p> <p>- F1 Aumentar o emprego de tecnoloxías dixitais na aula como resposta metodolóxica ás necesidades do noso alumnado.</p> <p>- F3 F4 F5 Normalizar o emprego das tecnoloxías dixitais na aula como ferramenta para acadar a motivación do alumnado e canalizar a súa creatividade.</p> <p>- F6 Ser capaces de crear un proxecto interdisciplinar.</p> <p>- G1 Incorporación progresiva das tecnoloxías dixitais a nosa práctica docente para facilitar a avaliación das habilidades do noso alumnado.</p> <p>- G3 G5 G7 Incorporación das tecnoloxías dixitais entre o noso alumnado como ferramenta de autoavaliación da súa aprendizaxe, de retroalimentación e realización de observacións constructivas sobre o traballo dos seus compañeiros/as.</p> <p>-G9 Emprego de tecnoloxías dixitais (portfolio) que permitan ao noso alumnado documentar a súa aprendizaxe.</p> <p>- G10 Creación e emprego progresivo de recursos que faciliten a rexistro</p>
--	--	--	--

		<p>dixital da información sobre distintos aspectos do proceso de aprendizaxe do alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- E5 Necesidade de sistematizar o emprego de recursos educativos abertos.</li> </ul>
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
<b>ALUMNADO</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>- C8 C10 O noso alumnado non dispón de dispositivos individuais para a aprendizaxe dixital.</li> <li>- G3 G5 G7 Incorporación das tecnoloxías dixitais entre o noso alumnado como ferramenta de autoavaliación da súa aprendizaxe, de retroalimentación e realización de observacións constructivas sobre o traballo dos seus compañeiros/as.</li> <li>- H1 H3 Adquisición dos recursos necesarios para garantir o uso adecuado de internet entre o alumnado facendo fincapé na seguridade propia e no uso responsable da imaxe propia e doutros.</li> <li>- H4 H6 Mellorar as ferramentas do alumnado que lles permitan verificar a calidade da información recollida así como recoñecer e valorar os traballos dos demás.</li> <li>- H7 H10 Aumentar o coñecemento e uso de ferramentas de creación de contidos dixitais axeitados as distintas materias e mellorar a calidade dos seus traballos.</li> </ul>

			<ul style="list-style-type: none"> <li>- H8 Desenvolvemento de estratexias para que o alumnado coñeza novas ferramentas de comunicación e afiance o uso das que xa coñece.</li> <li>- H11 H13 Dotar ao alumnado de recursos básicos que le permitan resolver os problemas técnicos sinxelos que lle poidan xurdir tanto no ámbito académico coma no uso persoal.</li> </ul>
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A3 O equipo directivo apoia novas modalidades de ensino dixital.</li> <li>- C11 C12 O centro conta coas medidas axeitadas para identificar o alumnado de fenda dixital e solventar os seus problemas.</li> <li>- E4 O centro emprega habitualmente ferramentas dixitais para a comunicación coas familias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A1 Non contamos con estratexia dixital de centro</li> <li>- A2 O noso profesorado non ten desenvolvemento de competencia dixital</li> <li>- C16 Sería positivo a creación dun repositorio de materiais (creados ou buscados) colaborativo en línea para o desenvolvemento dixital docente.</li> <li>- G8 Sería positivo a creación dunha plataforma que facilite o proceso de avaliación do alumnado por parte do profesorado.</li> </ul>

<b>EXTERNOS</b>	<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
-----------------	----------------------	----------------

<b>CATEGORIA</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- C8 C10 C13 E1 E3 O noso centro ten a posibilidade de participar no Programa Edixgal.</li> <li>- C12 O noso centro conta con aulas virtuais para un traballo dixital mais autónomo por parte do profesorado.</li> <li>- C15 O centro está aberto a participación na formación de tecnoloxías asistenciais no ámbito de aplicación e programas educativos específicos para a atención do alumnado con necesidades.</li> <li>- E2 E3 Aumentar a creación de recursos dixitais para o proceso de ensino-aprendizaxe.</li> </ul>	
	<b>LEXISLACIÓN</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>- A 5 Mellorar o coñecemento e aplicación da lexislación sobre normas e dereitos de autor.</li> </ul>
	<b>CONTORNA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>- C11 C12 O entorno socioeconómico no noso centro e medio-baixo e conta con dificultades de conexión na casa.</li> </ul>
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- B3 B4 O centro está aberto a colaborar con outras entidades para mellorar a competencia dixital (colaboración con Paideia, Etwinning...)</li> </ul>	



--	--	--	--

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: F) Pedagogía: Implementación na aula						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Incorporar EDIXGAL en seis materias en 1ºESO.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Coordinador EDIXGAL, Equipo Directivo e profesorado das materias EDIXGAL.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	EDIXGAL está plenamente incorporado na dinámica de ensino-aprendizaxe nas materias implicadas no proxecto.					
<b>Valor de partida:</b>	Non existe EDIXGAL no noso centro.					
<b>Valor previsto e data:</b>	EDIXGAL emprégase a lo menos nun 50% no proceso de ensino-aprendizaxe.			XUÑO 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Nomear ao coordinador EDIXGAL que será o responsable da xestión e organización de EDIXGAL.	Equipo Directivo	Setembro	Normativa relacionada		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: A Dirección proporcionará, na medida do posible, liberación horaria ao coordinador EDIXGAL.	Equipo Directivo	Setembro	Normativa relacionada		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: O coordinador EDIXGAL será o encargado de:	Equipo Directivo Coordinador	Setembro-Outubro	Etiquetadora Ordenador		Realizada	
					Aprazada	

<p>– organización, etiquetado e cesión dos dispositivos ao alumnado e profesorado.</p>	EDIXGAL		<p>Conexión a Internet Listado de normas de uso Panel de xestión EDIXGAL</p>		<p><b>Pendente</b></p>	
<p>– Elaboración das normas de AO1.4: Abrir unha liña de formación EDIXGAL dentro do noso PFPP.</p>	<p>CEFORE EQUIPO DIRECTIVO COORDINADOR EDIXGAL</p>	<p>SETEMBRO/ OUTUBRO</p>	<p>Impresora  Normativa relacionada</p>		<p><b>Realizada</b></p>	
<p>AO1.5: Utilizar o EVA (Espazo Virtual de Aprendizaxe) na dinámica de aula.</p>	<p>COORDINADOR EDIXGAL PROFESORADO</p>	<p>TODO O CURSO</p>	<p>DISPOSITIVOS E EQUIPOS NAS AULAS</p>		<p><b>Realizada</b></p>	
					<p><b>Aprazada</b></p>	
					<p><b>Pendente</b></p>	

**Área/s de mellora: F) Pedagogía: Implementación na aula**

<b>OBXECTIVO 2:</b>	Posta en marcha das aulas virtuais do centro para cada nivel educativo.			<b>Acadado</b>		
<b>Responsable:</b>	Coordinador Aulas Virtuais, Equipo Directivo e profesorado.			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	As aulas virtuais está plenamente incorporado na dinámica de ensino-aprendizaxe nas materias implicadas no proxecto.					
<b>Valor de partida:</b>	As aulas virtuais do noso centro non están operativas.					
<b>Valor previsto e data:</b>	As aulas virtuais empréganse a lo menos nun 50% no proceso de ensino-aprendizaxe en todos os niveis educativos.			XUÑO 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Nomear ao coordinador de Aulas Virtuais que será o responsable da xestión e organización das mesmas.	Equipo Directivo	Setembro	Normativa relacionada		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: A Dirección proporcionará, na medida do posible, liberación horaria ao coordinador das Aulas Virtuais.	Equipo Directivo	Setembro	Normativa relacionada		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: O coordinador das aulas virtuais será o encargado de abrir un aula virtual por cada nivel educativo e materia.	Equipo Directivo Coordinador de Aulas Virtuais.	Setembro- Outubro	Ordenador Conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>AO2.4:Elaborar as normas de uso das aulas virtuais para o alumnado e elaboración dun manual de uso en colaboración co Equipo Directivo e matricular a todo o alumnado e profesorado nas mesmas.</b>	Equipo Directivo Coordinador de Aulas Virtuais.	Setembro- Outubro	Ordenador Conexión a Internet Listado de normas de uso. Manual de uso da plataforma.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.5: Continuar a liña de formación de AULAS VIRTUAIS dentro do noso PFPP.</b>	Cefore Equipo directivo Coordinador aulas virtuais e Profesorado	SETEMBRO /OUTUBRO	Normativa relacionada		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.6: Utilizar as aulas virtuais na dinámica de aula.</b>	Coordinador aulas virtuais Profesorado	TODO CURSO      O	DISPOSITIVOS E EQUIPOS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

**Área/s de mellora: G) Prácticas de avaliación**

<b>OBXECTIVO 3:</b>	Crear unha plataforma para a recollida sistemática de información do alumnado para facilitar o proceso de avaliación e a elaboración de informes do mesmo (mellorar e facilitar o traballo dos titores/as no proceso de recollida de información dos seus titorandos e na elaboración das actas de avaliación trimestrais.)			<b>Acadado</b>		
<b>Responsable:</b>	Equipo Directivo			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Uso sistemático desta plataforma durante o proceso de avaliación do alumnado por parte de todo o profesorado.					
<b>Valor de partida:</b>	Non existe unha plataforma dixital específica de recollida de información.					
<b>Valor previsto e data:</b>	Emprégase a plataforma de recollida da información polo menos nun 80% do profesorado durante o proceso de avaliación de cada trimestre do curso escolar.			XUÑO 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO3.1: Crear a plataforma de recollida de información.</b>	Equipo Directivo Técnico informático	Antes da primeira avaliación	Plataforma web Páxina web do centro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2: A Dirección informará ao claustro do procedemento a seguir para a utilización da nova plataforma.</b>	Equipo Directivo	Antes da primeira avaliación	Plataforma web Páxina web do centro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.3: O profesorado empregará a plataforma no proceso de avaliación do seu alumnado.</b>	Profesorado do centro	Curso escolar	Plataforma web Páxina web do centro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	

					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.4: Xestión, comunicación e rexistro da información dos documentos xerados.</b>	Equipo directivo Titores/as	Todo o curso	Plataforma web Páxina web do centro Sistema de arquivo de documentación		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Área/s de mellora: H) Competencias dixitais do alumnado

<b>OBXECTIVO 4:</b>	Crear unha conta de correo de centro para todo o alumnado			<b>Acadado</b>		
<b>Responsable:</b>	Equipo Directivo, Coordinador TIC			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	O alumnado usa de maneira sistemática o seu correo como ferramenta dentro do proceso ensino-aprendizaxe dentro do centro.					
<b>Valor de partida:</b>	Non teñen un correo que sexa funcional ao longo da súa escolarización no centro.					
<b>Valor previsto e data:</b>	O 100% do alumnado do centro conta cun correo propio e o utiliza para o seu desenvolvemento académico.			XUÑO 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO4.1: Crear un correo electrónico para cada alumno do centro.</b>	Equipo Directivo Coordinador TIC Técnico Informático	Setembro/Octubre	Conexión a Internet e equipamento informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.2: Formar ao alumnado no uso do correo electrónico como ferramenta de traballo no centro.</b>	Coordinador TIC	Antes da primeira avaliación	Conexión a Internet e equipamento informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.3: O alumnado emprega o correo</b>	Profesorado do	Curso escolar	Conexión a Internet e		<b>Realizada</b>	



electrónico no proceso de ensino-aprendizaxe.	centro		equipamento informático Páxina Web do Centro		Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	Dotación	Necesidade	Finalidade
<b>Infraestrutura</b>	Ausencia de LIÑA WIFI con cobertura no centro	Revisión dos puntos de acceso wifi do centro e instalar novos puntos de acceso.	Mellorar a calidade e cobertura de rede e instalar novos puntos de acceso.
<b>Equipamento</b>	<i>Contamos con 22 ordenadores de mesa e 2 portátiles da Xunta que non admiten actualizacións nin funcionan adecuadamente.</i>	<i>24 ordenadores e os seus periféricos. Necesitamos a renovación dos mesmos para incorporalos nas aulas e na aula de Informática I, e os mercados polo centro.</i>	<i>Mellorar o proceso de Ensino – Aprendizaxe e mellorar a competencia dixital docente.</i>
	<i>Aula de Tecnoloxía sen ordenador (usa o persoal) Sala de Titorías sen ordenador.</i>	Dous equipos informáticos e os seus periféricos. Cámara web para o equipo da sala de Titorías.	<i>Mellorar o proceso de Ensino – Aprendizaxe e mellorar a competencia dixital docente. Facilitar a comunicación coas familias.</i>
	<i>Aula de PT sen ordenadores para o alumnado con NEE.</i>	4 portátiles para uso do alumnado con RE e ACI.	<i>Mellorar o proceso de Ensino – Aprendizaxe, dar resposta ás necesidades educativas do alumnado e favorecer a súa integración.</i>
	<i>Ordenadores reacondicionados doados pola Fundación Paideia que teñen problemas coas actualizacións e na execución de determinados programas.</i>	28 equipos informáticos e os seus periféricos.	<i>Mellorar o proceso de Ensino – Aprendizaxe e mellorar a competencia dixital docente.</i>
	<i>Pantallas e proxectores nas aulas moi vellos e que non proporcionan calidade de imaxe e son.</i>	16 monitores interactivos nas aulas de docencia (incluíndo Aulas de PT, EPVA, Música, Tecnoloxía, Laboratorio, Aulas de Informática e Biblioteca)	<i>Mellorar o proceso de Ensino – Aprendizaxe e mellorar a competencia dixital docente.</i>
	<i>Aulas de Informática con números de equipos informáticos insuficiente para o traballo dixital.</i>	12 equipos informáticos e os seus periféricos	<i>Mellorar o proceso de Ensino – Aprendizaxe e mellorar a competencia dixital docente e</i>

			<i>desenvolver o traballo colaborativo e a autonomía do alumnado.</i>
<b>Servizos dixitais</b>	<i>Non contamos con servizo de correo corporativo do alumnado.</i>	<i>Precisamos comunicarnos a través das aulas virtuais e cun correo corporativo.</i>	<i>Mellorar na seguridade no uso e desenvolvemento dixital.</i>
	<i>Aulas Virtuais creadas en todos os niveis de 1º 2º 3º e 4º de ESO</i>	<i>Impulsar na Comunidade Educativa o uso das Aulas Virtuais no proceso de Ensino – Aprendizaxe na ESO.</i>	<i>Mellora das competencias dixitais</i>

#### 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- **Avaliación procesual:** a realización de cada plan de acción revisarase, como mínimo, unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- **Avaliación final:** realizarase ao final do curso (mes de xuño). Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora, así como os plans de acción para o vindeiro curso.

#### 5. Difusión do plan

O protocolo para a publicidade e difusión do plan entre toda a comunidade educativa incluírá o seguinte proceso:

- ↗ Comunicación ao órganos colexiados:
  - Claustro (presentación, aportación de ideas e valoración) – xuño 2022.
  - Consello Escolar (presentación, valoración e aprobación) -xuño 2022.
- ↗ Publicidade na Web do centro no apartado de documentos.
- ↗ *AbalarMobil:* comunicación do enlace ao documento.

**Viós, xuño 2022.**